
OFERTA DE EMPREGO

EAPN GALICIA. REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

TECNICA DE PROGRAMAS, PARTICIPACIÓN SOCIAL E INCIDENCIA POLÍTICA

DESCRIPCIÓN DO POSTO

En dependencia da Dirección da entidade, a persoa contratada realizará labores de identificación, implantación e xestión de programas, en especial daqueles que aseguren e reforcen o traballo en rede e a elaboración e impulso de propostas de incidencia política e social da rede EAPN Galicia en materia de inclusión social, sociolaboral ou socioresidencial, así como de promover a participación efectiva de persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión social.

FUNCIÓNS

- Elaboración de documentos de posicionamento e incidencia política e social que reflectan as necesidades e propostas identificadas por EAPN Galicia e as súas entidades membro.
- Fomento da colaboración con institucións públicas ou privadas que axuden a acadar os fins estatutarios mediante o traballo en rede.
- Investigación, difusión e comunicación de iniciativas e ferramentas que impliquen o fortalecemento e mellora de resultados da rede.
- Análise de normativa de interese para informar e formar ao persoal das entidades membro e facilitando a xeración de propostas que melloren a actuación da administración pública e das organizacións do Terceiro Sector Social.
- Dinamización dos Grupos de Traballo estables e ad hoc de EAPN Galicia.
- Organización de actividades e eventos previstos a nivel formativo, sensibilización e incidencia política.
- Fomento da participación social e política de persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión.
- Coordinación con outros profesionais e recursos, das entidades membro de EAPN Galicia, administracións públicas implicadas ou con EAPN España e EAPN Europa.
- Colaboración na elaboración, seguimento e xustificación documental de indicadores técnicos e económicos de todas as actividades así como na elaboración de memorias xustificativas e outros documentos de balance e rendición de contas.
- Implantación e seguimento das políticas e estratexias de protección de datos e imaxe, cumprimento normativo, xestión documental física e en rede da entidade.

- Actuar de maneira coordinada co equipo técnico da entidade, seguindo ás indicacións que se lle dean desde a dirección, e naquelas tarefas necesarias para o bó funcionamento.

REQUISITOS

- Titulación universitaria preferiblemente do eido social (traballo social, educación social, socioloxía, ciencias políticas, etcétera)
- Experiencia en coordinación ou xestión de programas, en especial de inclusión social, sociolaboral ou socioresidencial.
- Experiencia en intervención con persoas en risco ou situación de pobreza ou exclusión social, en especial dende entidades do Terceiro Sector Social ou de Cooperación.
- Coñecemento da normativa e dos recursos sociais e de acceso ao emprego ou á vivenda existentes.
- Coñecemento de galego e castelán falado e escrito. Valorarase o coñecemento de inglés.
- Valorarase experiencia previa de voluntariado, especialmente no eido social
- Valorarase o dominio do entorno Office 365 e paquete de ofimática (Excel e Word)
- Valorarase o coñecemento da normativa de Protección de datos
- Valorarase habilidades de maquetación de documentos e deseño materiais gráficos (canva) como carteis, infografías, etc.

COMPETENCIAS

- Orientación para o traballo en equipo.
- Alta capacidade de organización e resposta en prazos axustados.
- Flexibilidade, empatía e capacidade de adaptación ás necesidades da base social ou das administracións públicas.
- Dinamismo e pro-actividade na resolución de problemas.
- Boas habilidades de comunicación oral e especialmente escrita.
- Identificación cos valores e misión da EAPN Galicia.

DATOS BÁSICOS DA CONTRATACIÓN

- Contrato indefinido. Xornada Completa
- Salario segundo Convenio Intervención e Acción Social. Grupo 2
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela
- Incorporación. Decembro 2024

CONCURRENCIA

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com, ata o **8 de novembro de 2024** (incluído), co asunto "Selección técnica programas + NOME E APELIDOS", e adxuntando **CV actualizado** e unha **carta de motivación e experiencia que inclúa 3/4 propostas xustificadas** para a mellora das políticas de inclusión social das persoas en pobreza ou exclusión social en Galicia (máximo 2 páxinas).